4. Aprendizaxe de idiomas
4.1. Aprendizaxe de idiomas

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD) convoca anualmente bolsas para participar en cursos de inmersión lingüística en inglés, en réxime de internado, nun centro sito en España.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE. BOLSAS PARA PARTICIPAR EN CURSOS DE INMERSIÓN EN INGLÉS (UIMP)

Requisitos

- Ser menor de 30 anos.
- Ter a condición de bolseiro para Ensinanzas Universitarias, Ensinanzas Artísticas Superiores, Outros estudos Superiores ou Formación Profesional de Grao Superior do MECD.
- Cumprir os requisitos económicos que se detallan na convocatoria. A orde de adxudicación das axudas virá determinada con arranxo á renda per cápita da familia.
- Superar a proba de nivel na Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP).

Lugar

Nun centro da UIMP: Santander, Madrid, A Coruña, Cuenca, Valencia, Sevilla, Granada, Tenerife, La Línea de la Concepción, Barcelona, Pireneos e Cartagena.

Prazos de solicitude

Un mes a partir da publicación da convocatoria no BOE, que ten lugar no primeiro trimestre do ano.

Proceso de selección

A solicitude tramitarase a través da páxina web do MECD mediante formulario en liña.

Para máis información: aecid.gob.es

Duración e contía

O curso ten unha duración dunha semana, a elixir entre o 8 de abril e o 16 de decembro do presente ano.
A axuda cubre todos os gastos de ensinanza, material, manutención e aloxamento, aínda que o alumno seleccionado debe aboar 100€ en concepto de reserva de praza.